

1. Segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, terán capacidade de obrar ante as Administracións Públicas:

- a) as persoas menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación non estea permitida polo ordenamento xurídico sin a asistencia da persoa que exerza a patria potestade. Sen excepcións.
- b) As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar con arranxo ás normas subsidiarias.
- c) As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar con arranxo ás normas civís.
- d) As persoas físicas ou xurídicas que non ostenten capacidade de obrar con arranxo ás normas subsidiarias ou civís.

2. Dos seguintes, cales se consideran interesados no procedemento administrativo, segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen haber iniciado o procedemento, teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, podan resultar afectados pola resolución e se persoen no procedemento en tanto non recaera a resolución definitiva.
- d) Tódalas opcións sinaladas son correctas.

3. Segundo o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿cal dos seguintes NON é un dereito das persoas nas súas relacións coas administracións públicas?

- a) A ser asistidos no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- b) A utilizar as linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma, de acordo co previsto nesta Lei e no resto do ordenamento xurídico.
- c) A acceder a información confidencial e reservada que exista en calquera expediente administrativo, e a publicala por calquera medio.
- d) A esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.

4. Sinala a resposta FALSA en relación ao cómputo de prazos que recolle o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Salvo que por Lei ou no Dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo, cando os prazos se sinalen en horas, enténdese que son hábiles
- b) Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto que se trate, ou dende o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.
- c) Si o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou a publicación do acto de que se trate u dende o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.
- d) Os prazos na administración estarán en función do tipo de procedemento e poderán ser: minutos naturais, horas laborais, días hábiles, meses naturais, ou lustros.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICO SERVIZOS (MEDIO) (15-TM-AF-ET) (1L)

Perfil: Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)

5. Segundo o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a dita lei aplícaselle ao sector público, que comprende:

- a) A Administración Xeral do Estado e a Administración das Comunidades Autónomas.
- b) As Entidades que integran a Administración Local.
- c) O sector público institucional.
- d) Todas son correctas.

6. Segundo o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala cal dos seguintes NON integra o sector público institucional:

- a) As empresas que reciban subvencións públicas, e participen en procedementos de licitación suxeitos a regulación harmonizada.
- b) Calquera organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas.
- c) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das Administracións Públicas que quedarán suxeitas ao disposto nas normas desta Lei que especificamente se refiran as mesmas, en particular a os principios previstos no artigo 3, e en todo caso, cando exerzan potestades administrativas.
- d) As Universidades públicas que se rexerán pola súa normativa específica e suplementariamente polas previsións da presente Lei.

7. Segundo o artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) As direccións xerais e equivalentes.
- b) As delegacións territoriais.
- c) As secretarías xerais.
- d) As vicesecretarías xerais

8. Segundo artigo 12. "Calificación dos contratos" da Lei 9/2017 de contratos do sector público, indique cal dos seguintes tipos de contratos se calificarán de acordo ás normas contidas en dita lei:

- a) Os contratos de obras, servicios e subministros.
- b) Os contratos de obras e de concesión de subministros e servicios.
- c) Os contratos de obras, de concesión de obras e concesión de servicios, suministro e servicios.
- d) Os contratos de concesión de obras únicamente.

9. Segundo o artigo 16 "Contrato de suministro" da Lei 9/2017 de contratos do sector público, o obxecto dun contrato de suministro será:

- a) A construción dunha infraestrutura pública
- b) A prestación de servicios de carácter intelectual
- c) A xestión dun servicio público de saúde
- d) A adquisición, o arrendamento financeiro con ou sen opción de compra, de productos ou bens mobles.

10. Segundo o artigo 19 e seguintes, ¿qué implicacións ten que un contrato estea suxeito a regulación harmonizada?

- a) Que se aplica lexislación nacional máis estricta
- b) Se rexe por normas especiais de publicidade e procedemento a nivel europeo (DOUE).
- c) Que se considera un contrato privado.
- d) Que non está suxeito a fiscalización

11. Segundo a LCSP Lei 9/2017 de contratos do sector público, ¿cal é un dos requisitos fundamentais para que unha entidade pública poida realizar encargos a un medio propio personificado?

- a) Que o medio propio sexa unha empresa privada coa que se asine un convenio.
- b) Que se realice un concurso público para seleccionar ó medio propio.
- c) Que o medio propio non estea controlado pola Administración que realiza o encargo.
- d) Que exista unha relación de control efectivo, similar á que a propia administración ostenta sobre os seus servizos ou unidades

12. Segundo o artigo 25 da LCSP, que divide os contratos en administrativos e privados ¿cal dos seguintes é sempre un contrato administrativo?

- a) Un contrato de servizos financeiros ou de seguros suscritos por unha Administración pública
- b) Calquera contrato asinado por unha sociedade mercantil pública
- c) Un contrato de obras celebrado por unha Administración pública
- d) Un contrato de compraventa de acción por parte dun concello.

13. No caso dun PANAP (Poder Adxudicador que Non é Administración Pública), ¿é obrigatorio constituir Mesa de Contratación?

- a) Non, a súa constitución é potestativa para os PANAP
- b) Só sería obrigatorio si o contrato é suxeito a regulación Harmonizada
- c) Só se se trata dunha sociedade pública con pérdidas
- d) Sí, é obrigatorio en todos os procedementos abertos.

14. Segundo os artigos 245 e 246 sobre a resolución dos contratos de obras, no suposto de desestimento, antes do inicio das obras; o contratista terá dereito a percibir unha indemnización de:

- a) O 3% do prezo de adxudicación, IVE excluído.
- b) O 3% do prezo da licitación, IVE excluído.
- c) O 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído.
- d) Non terá dereito a percibir indemnización

15. Unha queixería baixo a nosa responsabilidade técnica conta cun local onde se realizan o callado e desorado, ademais almacénanse nel os produtos de limpeza e desinfección. É esta unha practica que poidamos manter?

- a) Se se así se recolle nos manuais de procedemento da industria.
- b) Se a condición de que o local teña sistemas de recollida de efluentes de forma que de verterse un destes produtos pódase eliminar facilmente polos desaugadoiros correspondentes.
- c) Os produtos de limpeza e desinfección non deberán almacenarse nas zonas nas que se manipulen produtos alimenticios.
- d) Só no caso de que os produtos estean contidos en envases estancos e atópanse debidamente etiquetados.

16. Na industria agroalimentaria para a que traballamos pídennos que deseñemos uns locais destinados aos produtos alimenticios que manufacturamos nela. É obrigatorio que os deseñemos de forma que teñan unha temperatura controlada?

- a) Se sempre.
- b) Só en caso de tratarse de produtos de orixe animal.
- c) Só no caso de que os locais sexan de almacenamento, se son locais de manipulación non é necesario.
- d) Cando sexa necesario.

17. Unha industria agroalimentaria pídenos un proxecto para unha sala onde van preparar e transforman os seus produtos alimenticios; á hora de propoñer materiais para as superficies das paredes temos que ter en conta unha serie de obrigacións normativas. Cal das seguintes NON é unha delas?:

- a) Ser fáciles de limpar e, en caso necesario, de desinfectar.
- b) Ser de aceiro inoxidable.
- c) A súa superficie deberá ser lisa ata unha altura adecuada para as operacións que deban realizarse.
- d) Usar materiais impermeables, non absorbentes, lavables e non tóxicos.

18. Debemos elaborar un procedemento escrito de limpeza e desinfección dunha industria agroalimentaria que comeza o proceso lavando patacas e termínoa envasando patacas fritas; para as instalacións e equipos que estean en contacto coas patacas, que frecuencia de limpeza e desinfección debemos aplicar?

- a) A frecuencia necesaria para evitar calquera risco de contaminación.
- b) Tras a elaboración de cada lote.
- c) Diaria.
- d) Limpeza diaria e desinfección semanal.

19. Traballas para unha empresa consultora e debes valorar entre outros apartados o da subministración de auga dunha empresa agroalimentaria, que lles debes esixir?

- a) Que conte cunha subministración adecuada de auga limpa.
- b) Que conte cunha subministración adecuada de auga potable.
- c) Que conte cun sistema de cloración da auga.
- d) Que realicen analíticas á auga alo menos unha vez ao ano.

20. Á nosa consultora chega un cliente dunha industria de pensos e solicítanos a elaboración dun Sistema de análise de perigos e puntos críticos de control (APPCC). Propoñemos un que contén entre outros aspectos os seguintes, pero un deles NON PROCEDE incluílo nun APPCC, cal é?

- a) Determinar os puntos críticos de control na etapa ou etapas nas que un control sexa indispensable para evitar ou eliminar un perigo ou reduci-lo a niveis aceptables.
- b) Establecer límites críticos nos puntos críticos de control que diferencien a aceptabilidade da inaceptabilidade para a prevención, eliminación ou redución dos perigos identificados.
- c) Establecer e aplicar procedementos de supervisión eficaces nos puntos críticos de control.
- d) Establecer a rutina de limpeza e desinfección da maquinaria da industria.

21. Cal dos seguintes non é un proceso de mellora da estrutura agraria segundo o artigo o artigo 3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?

- a) A reestruturación parcelaria de carácter público
- b) Reestruturación da propiedade de fincas de vocación agraria polas persoas particulares.
- c) A segregación parcelaria de carácter privado
- d) Actuacións intensivas en zonas rurais

22. Indica cal das seguintes se corresponde coa definición de masa común, segundo se recolle no artigo 4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia:

- a) aqueles terreos delimitados que posúen valores singulares de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico ou medioambiental e que están cualificados legalmente como tales.
- b) Conxunto das fincas remanentes resultantes do proceso de axuste técnico para a compensación entre achegas e atribucións, e co destino e titularidade que establece o artigo 34 da presente Lei.
- c) conxunto de accións e investimentos a aplicar en cada zona rural
- d) documento técnico que serve de modelo para o uso común en tódalas parcelas dunha parroquia.

23. Cal dos seguintes é un órgano competente en materia de reestruturación parcelaria dos recollidos no artigo 13 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia?

- a) O Comité técnico asesor de reestruturación parcelaria
- b) A xunta local de zona
- c) A xunta de titulares
- d) Todas son correctas

24. O artigo 60 da Lei Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia, recolle que se incluírán dentro do plan de obras que reflectirá tódalas actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria:

- a) a rede de camiños principais, pero non secundarios, que den acceso ás novas fincas de reemplazo.
- b) Obras de acondicionamento e mellora da estrutura das antigas fincas.
- c) Obras de acondicionamento e mellora da estrutura das novas fincas.
- d) Accesos aos marcos.

25. Segundo o artigo 3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, esta lei é aplicable:

- a) as terras agroforestais, prioritariamente a aquelas que se atopen en situación de abandono ou infrautilización localizadas na CCAA de Galicia
- b) a asentamentos de poboación en zonas rurais localizados na CCAA de Galicia
- c) a explotacións agropecuarias localizadas na CCAA de Galicia
- d) todas as opcións son correctas

26. Segundo o artigo 68 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, para o desenvolvemento dun polígono agroforestal será necesario dispor:

- a) Do acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo o 70 % das terras incluídas no perímetro proposto do polígono agroforestal, excepto no caso dos polígonos cortalumes.
- b) Do acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo o 7 % das terras incluídas no perímetro proposto do polígono agroforestal, excepto no caso dos polígonos cortalumes.
- c) Do acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo o 51 % das terras incluídas no perímetro proposto do polígono agroforestal, excepto no caso dos polígonos cortalumes.
- d) Do acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo o 15 % das terras incluídas no perímetro proposto do polígono agroforestal, excepto no caso dos polígonos cortalumes.

27. ¿Cal das seguintes é unha zona preferente para un polígono de iniciativa pública, tal e como recolle o artigo 70 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia ?

- a) As áreas cortalumes, que se delimitarán con criterios técnicos coa finalidade de xerar discontinuidades da biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios, mediante a implantación da actividade agrícola, gandeira ou forestal máis idóneo para este fin
- b) as zonas de viñado
- c) as zonas que estean en áreas protexidas por instrumentos internacionais
- d) as zonas de concentración ou reestruturación parcelaria sen rematar e que non estean abandonadas.

28. A Parte I do CTE, no seu Artigo 2, define o seu ámbito de aplicación. A qué tipo de obras aplícase o CTE?

- a) A obras de nova construción e a obras en edificios existentes (modificacións, reformas ou rehabilitacións) que alteren a configuración arquitectónica, as condicións de habitabilidade, ou a superficie ou o uso característico
- b) Só a obras de nova construción
- c) Únicamente a edificios de uso residencial.
- d) Só a obras que superen un determinado orzamento

29. ¿Qué se entende por "Requisitos Básicos da Edificación" segundo o CTE?

- a) Os requisitos relativos ao mobiliario e a decoración interior
- b) As esixencias de calidade que deben satisfacer os edificios en relación coa seguridade, a habitabilidade e a protección do medio ambiente.
- c) As necesidades do usuario en canto á distribución dos espazos
- d) Os requisitos de durabilidade dos materiais

30. Cal é o documento que debe elaborar o proxectista para xustificar o cumprimento das esixencias básicas do CTE?

- a) A Memoria de Calidades.
- c) O Libro do Edificio.
- c) O proxecto básico e de execución.
- d) O Certificado Final de Obra

31. Que seccionamiento é obrigatorio antes de cada aparato sanitario para facilitar o seu mantemento ou substitución sen afectar o resto da instalación?

- a) Válvula de retención.
- b) Grifo de purga.
- c) Chave de corte (válvula de escadra ou similar).
- d) Válvula de seguridade.

32. Se a presión na acometida da rede exterior excede a presión máxima permitida na rede interior, que dispositivo é obrigatorio instalar antes do contador ou á entrada do edificio?

- a) Unha válvula de retención.
- b) Un amortiguador de golpe de ariete.
- c) Unha válvula reductora de presión.
- d) Unha bomba de elevación

33. Segundo a DB SI 4 Instalacións de evacuación, Cal é a anchura mínima que debe ter unha porta ou corredor que sirva de percorrido de evacuación, se debe ser utilizada por menos de 50 persoas?

- a) 0,80 m
- b) 0,90 m
- c) 1,00 m
- d) 1,20 m

34. Cal ó o principal obxectivo do Regulamento de Instalaciones Térmicas nos Edificios (RITE)?

- a) Establecer exclusivamente as condicións de illamento dos edificios.
- b) Regular a calidade do aire interior en función da ocupación.
- c) Establecer las esixencias de eficiencia enerxética e de seguridade que deben cumprir as instalacións térmicas nos edificios.
- d) Determinar o prezo máximo da enerxía consumida.

35. Que documento técnico debe elaborarse obrigatoriamente para a posta en servizo e o uso dunha instalación térmica, e que debe incluír as características técnicas e a xustificación do cumprimento do RITE?

- a) O Certificado de Eficiencia Enerxética.
- b) O Proxecto Básico.
- c) O Proxecto ou Memoria Técnica da Instalación.
- d) O Certificado de Inspección Periódica.

36. Cal é a temperatura máxima admisible da auga na impulsión dun sistema de calefacción por radiadores ou chan radiante, en condicións normais de funcionamento?

- a) 60°C
- b) 85°C
- c) 90°C
- d) 110°C

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICO SERVIZOS (MEDIO) (15-TM-AF-ET) (1L)

Perfil: Enxeñería Técnica Industrial, Enxeñería Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)

37. ¿Qué define a DB HE no seu conxunto, seguindo a Directiva Europea de Eficiencia Enerxética, paraos edificios de nova construción dende 2020?

- a) Edificios de Consumo Enerxético Moderado (CEM).
- b) Edificios de Máxima Eficiencia (MEF).
- c) Edificios de Consumo de Enerxía Casi Nulo (EECN).
- d) Edificios de Enerxía Cero

38. Que tipo de demanda ou consumo esíxese que se cubra parcialmente con enerxía renovable ou residual segundo o DB HE 4?

- a) Únicamente a demanda de calefacción no inverno.
- b) A demanda de electricidade para a iluminación de zonas comúns.
- c) A demanda de Auga Quente Sanitaria (ACS) e/ou a climatización de piscinas cubertas.
- d) A demanda de refrixeración no verán.

39. Segundo a ITC-BT-04, que documento técnico debe elaborar obrigatoriamente un técnico titulado competente para aquelas instalacións con potencia máxima prevista superior a 20 kW?

- a) Únicamente unha Memoria Técnica de Deseño (MTD).
- b) O Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) nada máis.
- c) Un Proxecto da Instalación (firmado por un técnico competente).
- d) Un Informe de Inspección Inicial

40. ¿Cal é a finalidade principal do Certificado de Instalación Eléctrica (CIE), conocido comúnmente como "Boletín Eléctrico"?

- a) Certificar o pago de taxas á Administración.
- b) Atestiguar que a instalación foi executada dacordo REBT e as ITC correspondentes, e que se verificou o seu correcto funcionamento.
- c) Determinar la tarifa de acceso á rede eléctrica.
- d) Autorizar a construción do edificio

41. Cal das seguintes é unha extensión dun arquivo tipo CAD?

- a) .dwg
- b) .odt
- c) .ppt
- d) .rpm

42. De forma xeral en Presto organízanse os orzamentos en:

- a) Fase e subfase
- b) Artigo e parágrafo
- c) Capítulo e subcapítulo
- d) Programa e grupo de programas

43. Cal dos seguintes NON é un informe predefinido que se pode xerar en Presto?

- a) Orzamento e medicións
- b) Cadro de compostos
- c) Resumen do orzamento
- d) Cadro de prezos auxiliares

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICO SERVIZOS (MEDIO) (15-TM-AF-ET) (1L)

Perfil: Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)

44. Cal das seguintes fases dunha obra pode realizarse con Presto ?

- a) Orzamento
- b) Certificación
- c) Planificación temporal
- d) Todas son correctas

45. Con cal dos seguintes comandos do programa Autocad se eliminan obxectos dun debuxo?

- a) ARC
- b) BRON
- c) ERASE
- d) NO

46. É un principio da acción preventiva, recollido no artigo 15 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais:

- a) Quen contamina paga
- b) Combater os riscos dende o final
- c) Substituír o pouco perigoso polo moi perigoso
- d) Avaliar os riscos que non se podan evitar

47. En relación á vixilancia da saúde recollida no artigo 22 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, escolle a opción correcta:

- a) o empresario garantirá aos traballadores o seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo
- b) os resultados da vixilancia da saúde non teñen por que comunicarse ao traballador, pero si ao empresario.
- c) É recomendable que o traballador preste o seu consentimento para a vixilancia da saúde.
- d) Os datos relativos a vixilancia da saúde dos traballadores poderán usarse con fines discriminatorios e en prexuízo do traballador especialmente se están relacionados co consumo de substancias estupefacientes ou alcólicas.

48. Sinala a INCORRECTA. Son obrigas dos traballadores en relación a prevención de riscos laborais segundo o artigo 29 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais:

- a) Non por fora de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coas actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar
- b) Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coas instrucións recibidas de este
- c) Non informar a seu superior xerárquico das situacións que a seu xuízo podan supor un risco para a saúde dos traballadores
- d) Cooperar co empresario para que este poda garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores

49. A efectos do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, defínese como dirección facultativa:

- a) o autor ou autores, por encargo do promotor, da totalidade ou parte da obra
- b) o técnico ou técnicos competentes designados polo promotor, encargados da dirección e do control da execución da obra
- c) a persoa física ou xurídica, que asume contractualmente con medios humanos ou materiais, o compromiso de executar a obra con suxeición ao proxecto e ao contrato
- d) calquera persoa física ou xurídica que realice unha obra.

50. Sinala en cal dos seguintes casos o promotor está obrigado a que na fase de redacción do proxecto se elabore un estudo de seguridade e saúde nos proxectos de obras, consonte ao que establece o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción:

- a) que o orzamento de execución por contrata incluído no proxecto sexa menor a 3.000 euros
- b) que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a mais de 20 traballadores simultaneamente
- c) que o volume de man de obra estimada, sexa superior a 5.
- d) que o proxecto afecte a Patrimonio Cultural.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Anexo I do Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Sinala a opción correcta:

- a) a anchura mínima das portas exteriores e dos corredores será de 60 centímetros e 90 centímetros, respectivamente
- b) as portas exteriores e corredores non deben cumprir ningunha dimensión mínima.
- c) a anchura mínima das portas exteriores e dos corredores será de 80 centímetros e 1 metro, respectivamente
- d) a anchura mínima das portas exteriores e dos corredores será de 50 centímetros e 75 centímetros, respectivamente

2. A industria láctea para a que traballamos aposta por abrir unha nova liña de negocio potenciando a produción de leite pasteurizado que o consumidor coñece como leite do día ou leite fresco. As unidades de pasteurización que estudemos e propoñamos á dirección garantirán un tratamento de:

- a) Unha temperatura elevada durante un breve período de tempo: polo menos 72 °C durante 15 segundos.
- b) Unha temperatura baixa durante un longo período de tempo: polo menos 63 °C durante 30 minutos.
- c) Calquera outra combinación de condicións de tempo e temperatura coa que se obteña un efecto equivalente.
- d) Todas as demais respostas son correctas.

3. Segundo se indica na DB HS 4, no punto 2.1.3 Condicións mínimas de subministración, a presión mínima nos puntos de consumo para billas comúns debe ser:

- a) 100 kPa para billas comúns
- b) 20 kPa para billas comúns
- c) 200 kPa para billas comúns
- d) Non define presión mínima.

4. Sinala a resposta correcta en relación a metodoloxía BIM:

- a) É unha metodoloxía de traballo colaborativa para a creación e xestión dun proxecto de construción
- b) O seu obxectivo é centralizar toda a información do proxecto nun modelo de información dixital creado por tódolos seus axentes
- c) BIM provén das siglas de Building Information Modeling
- d) Todas son correctas

5. Segundo o Anexo I do Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, as dimensións dos locais de traballo deberán permitir que os traballadores realicen o seu traballo sen riscos para a súa seguridade e saúde, e en condicións ergonómicas aceptables, sendo as dimensións mínimas:

- a) 3 metros de altura dende o piso ata teito. Non obstante, en locais comerciais, de servizos, oficinas e despachos, a altura poderá reducirse ata 2,5 metros.
- b) 2 metros cadrados de superficie libre por traballador.
- c) 10 metros cúbicos, non ocupados, por traballador.
- d) Todas son correctas